



## CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE VISITAS E ACTIVIDADES NA FUNDACIÓN COREN DENTRO DO PLAN **EDU**EMPRENDE

### OBXECTIVO

Esta convocatoria ten por obxecto o fomentar, difundir e transmitir ao alumnado de diferentes niveis educativos aprendizaxes relacionadas co cooperativismo e a cultura do emprendemento a través do coñecemento das instalacións dispostas na Fundación Coren.. Estas actuacións enmárcanse no Plan de Emprendemento no Sistema Educativo **Edu**emprende.

### DESCRIBIÓN DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos dos distintos niveis educativos, que poderán participar en visitas e actividades nas instalación da Fundación Coren. Segundo o programa poderán desenvolverse nunha xornada escolar ou en cinco xornadas escolares,

PROGRAMA	DURACIÓN
1. <a href="#">Agoeduca</a>	1 xornada
2. <a href="#">Agroemprende</a>	1 xornada
3. <a href="#">Ecogranxa</a>	5 xornadas
4. <a href="#">Eco Farm Kids</a>	5 xornadas

### SOLICITUDE

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico [fpplus@edu.xunta.es](mailto:fpplus@edu.xunta.es). O prazo de solicitude remata o **30 de setembro de 2014**

Na solicitude debe figurar os seguintes datos:

1. Denominación do centro
2. Persoa de contacto
3. Teléfono de contacto
4. Programa solicitado
5. Curso
6. Data de preferencia
7. Enderezo electrónico de contacto.





## SELECCIÓN DOS CENTROS

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo [fpplus@edu.xunta.es](mailto:fpplus@edu.xunta.es), tendo en conta que se asignará unha visita por nivel. No caso de que queden prazas vacantes poderase adxudicar máis dunha visita.

## ORGANIZACIÓN DAS VISITAS E ACIVIDADES NAS EMPRESAS

### 1. PROGRAMA [AGROEDUCA](#): (FUNDACIÓN COREN)

- **Descrición da actividade:** creación de cooperativas produtivas, agraria e de comercialización. A actividade desenvólvese na Agroescola da Fundación Coren. Visita didáctica á granxa de porcino da Fundación Coren, opcional.
- **Destinatarios:** alumnado de Infantil, Educación Primaria e 1º ESO. Dende un mínimo de 15 alumnos/as ata un máximo de 40.
- **Calendario:** poderase participar neste programa os martes e venres lectivos dende o mes de febreiro ata o 12 de xuño de 2014. En total 34 días (17 martes e 17 venres)
- **Definición das actividades:** Os alumnos/as poderán asistir a diferentes actividades didácticas desenvoltas na Agroescola, na que a Fundación dispón dunha incubadora para 250 ovos, aloxamentos gandeiros para pitos, coellos, porcinos, ovellas, unha horta e invernadoiro, e unha aula de enerxías renovables.

O horario de visita será de 09.00h a 16.00h. O horario poderase adaptar ás necesidades de dos centros participantes.

Hora	Actividade
09.15h	Benvida da mascota Cori Presentación da Fundación Coren Visita ao Museo do Cooperativismo "Un mundo Cooperativo"
10.00h	Emprendemos cooperando na Agroescola: creación cooperativa agrícola e gandeira
10.30h	Creación da vida: aula incubación e nacemento poliños. Laboratorio do ovo. Cooperativa gandeira Creación da vida: xerminación das plantas (horta/invernadoiro). Cooperativa agrícola.
11.15h	Descanso
11.30h	O crecemento: coidamos dos nosos animais na granxa- coop. Gandeira Coidamos das nosas plantas na horta e invernadoiro-coop.agraria
13.15h	O froito: Creación Cooperativa de segundo grao de transformación de produtos
14.00h	Coren mímate: degustación de produtos
15.00h	Visita á granxa escola de porcino da Fundación Coren en Cenlle (opcional)





## 2. PROGRAMA AGROEMPENDE: (FUNDACIÓN COREN)

- **Descrición da actividade:** creación dunha PYME agraria e dunha cooperativa gandeira co obxectivo de resolver a crise económica dun pobo. A actividade desenvólvese na Agroescuela da Fundación Coren. Visita didáctica á granxa de porcino da Fundación Coren, opcional
- **Destinatarios:** alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO, Bacharelato, FP de grao medio e Formación Profesional Básica. Dende un mínimo de 20 alumnos/as ata un máximo de 40.
- **Calendario:** poderase participar neste programa os martes e venres lectivos dende o mes de febreiro ata o 12 de xuño de 2014. En total 34 días (17 martes e 17 venres)
- **Definición das actividades:** Os alumnos/as poderán asistir a diferentes actividades didácticas desenvoltas na Agroescuela, na que a Fundación dispón dunha incubadora para 250 ovos, aloxamentos gandeiros para pitos, coellos, porcos, ovellas, unha horta e invernadoiro, e unha aula de enerxías renovables.

O horario de visita será de 09.15h a 16.00h. Poderase adaptar ás necesidades de dos centros participantes.

Hora	Actividade
09.15h	Benvida da mascota Cori Presentación da Fundación Coren Visita ao Museo do Cooperativismo “Un mundo Cooperativo” Historia do cooperativismo e a economía social. (Plataforma cooperativa, video wall) Historia e funcionamento da Cooperativa Coren (panel xigante)
10.00h	Identificamos necesidades da zona rural e ideamos un plan de negocio agrogandeiro. Creación da empresa ( 1 cooperativa gandeira, 1peme- SA). Asignación de roles
11.00h	Produtividade na empresa: cultivamos a terra, criamos animais. Controlamos o gasto, xeramos beneficios. Cumprimos coa calidade, coidado do medioambiente, prevención de riscos, preocupámonos pola saúde do consumidor.
13.00h	Asociámonos profesionalmente. A Asociación fórmanos: alimentación saudable.
14.00h	Breve charla. Sacamos conclusións.
14.15h	Coren mímate: degustación produtos
15.00h	Despedida da mascota Cori e obsequios aos participantes.
15.30h	Visita á granxa de porcino da Fundación Coren en Cenlle (opcional)

- *Se algún dos días reservados aos programas AGROEDUCA E AGROEMPENDE non hai alumnado suficiente nalgún deles, poderase acumular ao outro.*





### 3. PROGRAMA ECOGRANXA COOPERATIVA (FUNDACIÓN COREN)

- **Descrición da actividade:** Creación de dúas cooperativas produtivas, agraria e gandeira. Traballaranse as temáticas transversais de medioambiente, benestar animal, traballo cooperativo, creatividade, esforzo na consecución dos resultados, igualdade e integración. Haberá unha visita didáctica como complemento as granxas escola de porcino e avicultura da Fundación Coren para coñecer finalmente como é unha explotación gandeira real dende unha visión educativa. Haberá unha competición entre os diferentes grupos na creación dun gran mercado cooperativo que se levará a cabo dentro das instalacións duna feira real. Os beneficios obtidos danaranse a un proxecto medioambiental local.
- **Destinatarios:** Educación Primaria e 1º ESO. Ata un máximo de 30 alumnos/as.
- **Calendario:** poderase participar neste programa todas as semanas dos meses de outubro e xuño. As actividades deste programa desenvólvense en cinco sesións de luns a venres (lectivos).



**PROGRAMA ECOGRANXA COOPERATIVA**

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09.30h	Benvida da mascota Cori Presentación da Fundación Coren e Agroescola	As enerxías renovables: Coñecemos a súa utilidade na Agroescola	Visita á granxa escola de porcino da Fundación Coren en Cenlle, co ciclo completo (nais, leitóns, recen nados e adultos)	Visita á granxa escola avícola da Fundación Coren en A Groba vendo a crianza dos pólos e coñecendo a maquinaria agrícola e gandeira	Realizamos as tarefas agrogandeiras
10.00h	Historias das cooperativas. Coren	Actividades Incubadora-Nacedora Experimentos, ovoscopio	Visita á granxa escola de porcino da Fundación Coren en Cenlle, co ciclo completo (nais, leitóns, recen nados e adultos)	Visita á granxa escola avícola da Fundación Coren en A Groba vendo a crianza dos pólos e coñecendo a maquinaria agrícola e gandeira	“Árbore cooperativa dos desexos”. Facemos unha árbore onde colgar os nossos desexos para o éxito da cooperativa e cada un individualmente
10.45h	COOPERATIVIZÁMONOS: que é unha cooperativa. Valores e principios	Coidamos os animais e a horta	Asembleamonos: repartimos as tarefas para a elaboración dos nosos produtos	Preparamos o mercado: continuamos coa preparación dos artigos	Rematando a preparación dos nosos obxectos
11.30h	Almorzo “Inclusión”- comunicámonos con mímica	Almorzo “Solidario”- tratarase a problemática da pobreza	Almorzo “Cooperativo”- reparto do almorzo	Almorzo “Cocinillas”- preparamos o noso almorzo	Almorzo “Ovorico” preparamos o noso almorzo
12.00h	Coñecemos as instalacións	Asembleamonos: primeiros preparativos do mercado intercooperativo solidario	Cociña saudable “mini chef”: coñecemos e valoramos os alimentos da granxa	Asambleamonos	Preparamos o mercado: colocamos stands
13.00h	Creamos a nosa cooperativa	Xogo “Inclusión”	Cociña saudable “mini chef”: coñecemos e valoramos os alimentos da granxa	Xogo “A reciclaxe”	Preparamos o mercado: colocamos stands
13.45h	Xantar “Coren mímate”	Xantar “Coren mímate”	Xantar “Coren mímate”	Xantar “Coren mímate”	Xantar “Coren mímate”
14.45h	Fin de actividades	Fin de actividades	Fin de actividades	Fin de actividades	Inaguración do mercado cooperativo

\* O almorzo tráeno das súas casas e cada día dedicarase este tempo de descanso a tratar un valor transversal.

\* A comida do xantar procede da tenda Coren Grill.



#### 4. COOPERATIVE ECO FARM KIDS (FUNDACIÓN COREN)

Este programa ten o mesmo desenvolvemento que o programa Ecogranxa Cooperativa pero será desenvolvido integramente en lingua inglesa.

- **Descrición da actividade:** Creación de dúas cooperativas produtivas, agraria e gandeira. Traballarase as temáticas transversais de medioambiente, benestar animal, traballo cooperativo, creatividade, esforzo na consecución dos resultados, igualdade e integración. Haberá unha visita didáctica como complemento as granxas escola de porcino e avicultura da Fundación Coren para coñecer finalmente como é unha explotación gandeira real dende unha visión educativa. Haberá unha competición entre os diferentes grupos na creación dun gran mercado cooperativo que se levará a cabo dentro das instalacións duna feira real. Os beneficios obtidos danaranse a un proxecto medioambiental local.
- **Destinatarios:** Educación Primaria e 1º ESO. Ata un máximo de 30 alumnos/as.
- **Calendario:** poderase participar neste programa todas as semanas dos meses de outubro e novembro. As actividades deste programa desenvólvense en cinco sesións de luns a venres (lectivos)

Terán prioridade na selección os centros educativos plurilingües

